

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2013/01

CARACTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 15 de xaneiro de 2013.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e sete minutos do día **15 de xaneiro de 2013** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D^a Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.

D.José Manuel Yañez Dablanca

D^a Azucena González Loredó.

D^a Maria del Campo López-Braña Freije

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D.Xabier Campos López.

(disculpa asistencia)

Secretario:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventora:

D^a Olalla Alvarez de Neyra Martínez

Tco.Admón. Xeral:

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2013.01.01.-APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS ANTERIORES: ORDINARIA DE 19 DE NOVIEMBRE E EXTRAORDINARIA DE 30 DE NOVIEMBRE DE 2012.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Intervén o Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, que quere facer referencia ás actas. Considera que se obvian comentarios, tanto polo goberno como pola oposición. Di que sempre que pregunta pola acta lle din que se trata dun resumo sucinto do que acontece no pleno. Quere puntualizar que na páxina 29 da acta do pleno anterior di que “intervén o Sr. Valín Valdés que protesta porque sistematicamente se ausenta....” Explica que aludía ao concelleiro do Grupo Mixto, o Sr. Gutiérrez Fernández. Tamén se refire á páxina 32, onde o Sr. Valín Valdés pide que roten as intervencións, xa que a él sempre lle toca falar de último e non se expresa coa frescura do principio, pero tamén se refire a que non o escoita coa frescura do principio.

Cita unha intervención na que fala da rotonda de Vilaselán, na zona de Os Galos, pide a instalación de bandas rugosas na zona ao que lle responde o concelleiro Sr. Castro Reigosa que están traballando neso. Matiza que preguntou por unha banda rugosa que está diante dunha casa particular en Os Galos, e o Sr. Castro Reigosa nunca dixo que estaban traballando para poñer outra banda rugosa ao lado.

Pide que se emenden os erros da acta para o que entrega unha copia ao Sr. Rodil Veiga. Considera que as actas servirán nun futuro para estudar a historia de Ribadeo. Pide que a acta sexa máis fiel pese a que sexa un resumo sucinto. Aínda que comprende a dificultade que poidan ter os técnicos, non quere que se poñan cousas que realmente non son.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, por alusións, quere aclarar que él asiste ou non ao pleno cando quere, e non ten que dar conta a ninguén, unicamente se se ausenta comunícallo ao Presidente que é o Alcalde. Lembra que él tamén pediu que se fixese un regulamento minutado para as intervencións do pleno, como en tódolos sitios. Tamén quere aclarar que non é un medio portavoz (como dixo o Sr. Valín Valdés) se non un portavoz do PSdG-PSOE na Corporación municipal. Explica que o Grupo Mixto teno compartido, pero el non é medio portavoz.

O Sr. Alcalde non sabe qué dicir no sentido de que a responsabilidade da acta tamén é súa en parte, aínda que a elaboran os técnicos. Cre que se hai algún erro tampouco debería levar a un debate tan profundo. Admite que non sabe cómo facer as cousas para que non haxa polémica. Apela ao “sentidiño” xa que se acaba de abrir a sesión.

O Sr. Valín Valdés non pretende, en absoluto, volver a épocas pasadas. Aclara que se el pregunta por unha banda rugosa que hai nunha rúa en Os Galos, así que non pode poñer na acta que pide que se poña unha banda rugosa na rotonda de Os Galos e que o concelleiro delegado de obras estea mirando o tema. Refírese ao portavoz do PSOE e explica que é un membro do Grupo Mixto. Reitera que lle parece fatal que se ausente, xa que a súa obriga é estar no pleno sempre, aínda que se poida ir cando queira. Non quere entrar no xogo do alcalde de se a oposición está cabreada. Indica que despois comentaran porque utilizan medios que non debe para facerlle ver ao pobo que a oposición se porta de forma diferente.

Explica que no citado pleno o Sr. Alcalde referiuse a un funcionario da Xunta como “funcionarata” e fala dos anciáns do asilo como ¿.....?, pero non figura na acta. Non quere entrar no xogo de que é a oposición a que polemiza. Quere que apareza o que él fala nada máis.

O Sr. Alcalde afirma que se emendarán os erros e a Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria, acorda prestarlle a súa aprobación coas modificacións indicadas anteriormente.

2013.02.02. EXPEDIENTE PARA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE “REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE RIBADEO”.

Visto o acordo plenario de data 30 de novembro de 2012 no que se acordou incoar expediente para a resolución do contrato de referencia e dar audiencia ao contratista e aos avalistas, conforme aos artigos 109 e ss. do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Visto que os avalistas non presentaron alegacións.

Visto que o adxudicatario presentou alegacións con data 21 de decembro de 2012 nos termos que figuran no expediente.

Visto o informe da Dirección facultativa das obras ten emitido informe con data 2 de xaneiro de 2013 no que pon de manifesto que chama poderosamente a atención a manipulación que se fai pola adxudicataria sobre o prazo de execución, o amparo que fai do retraso da obra co argumento da decisión do Concello de manter a parte do pavillón destinada a vestiarios cando a obra é de Reforma e ampliación, sobre o tratamento que debe recibir as partidas que poidan xurdir na fase de execución e diversas cuestións técnicas da propia realización da obra e reiterando o xa manifestado en anterior informe sobre a desidia e desinterés nas obras sulíndo que está paralizada dende hai tres meses sen que se teñan executado novas partidas e outras deixándoas a medas.

Obran no expedientes informes de Secretaría e Intervención.

Constan tamén, no expediente, informes da Policía Local de novembro e decembro de 2012.

Visto o ditame da Comisión Informativa de 10 de xaneiro de 2013 sobre este asunto.

Considerando, que de acordo co informado pola Secretaría desta Entidade, en aplicación da xurisprudencia sobre esta materia cabe concluir que, no presente caso, ademais de darse a circunstancia do incumprimento dos prazos para a execución da obra sen que ofrezca dúbida algunha - toda vez que o mesmo concluíu o día 6 de xullo de 2012 e ata esa data queda por investir e certificar un 25,75 % do montante total da obra e téndose executado, respecto das melloras tan so unha porcentaxe do 24,68 %- , quedando xa que logo demostrado tanto polos informes da dirección facultativa como polos informes/partes emitidos pola Policía Local o desinterese e a desidia da adxudicataria en remata-las mesmas e así dende fai tres meses non se realizan obras de ningunha clase, agás as que foron certificadas e posteriormente aboadas por esta Entidade como se pon de manifesto no informe da Intervención municipal citado, pero que en calquera caso veñen suponer que non hai vontade de rematar as mesmas como así tamén se deduce das alegacións indicadas que en modo algún fan ver que isto non vai ser así, é dicir que en último termo o que se da é unha inobservancia esencial no cumprimento do obxecto do contrato o que a xuízo do funcionario informante xustifica a resolución do contrato.

Ábrese a quenda de intervencións, que comeza o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que considera que se trata da continuación dos trámites previstos e é a consecuencia da primeira decisión adoptada. Remítese á intervención que xa fixo daquela coas consideracións previas e parécelle lóxico continuar, xa que un acordo chama ao outro. Manifesta a súa intención de votar a favor.

Continúa a quenda de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que está de acordo con que este pleno é a continuidade do anterior, aínda que hai unhas alegacións novas por parte da UTE e unhas respostas do equipo técnico.

Considera que hai cousas que se deben tratar máis profundamente, xa que é unha das grandes obras que se fixeron ultimamente en Ribadeo. Cre que aprobar este proxecto quizá foi un pouco arriscado, dado o orzamento que tiña (aproximadamente 2 millóns de euros). Refírese ás alegacións que fai a empresa e aos informes dos técnicos. Manifesta que lle da igual se a empresa está disposta a negociar, pero o tempo perdido está perdido tanto para a empresa como para a UTE. Non sabe se se poden recuperar as vantaxes que daban a maiores. Interésalle que se faga a obra e que non se retrase máis. Dí que se fía dos técnicos e da boa fe do equipo de goberno, pero que hai cousas que non vai permitir como que se dubide da legalidade dun equipo técnico e que se “enmerde” a honorabilidade dunha institución como o Concello de Ribadeo. Comenta unhas das alegacións, na que di que “se impusieron por parte de la dirección facultativa proveedores de suministro concreto”. Parécelle moi ben que os técnicos o neguen, pero a él como ribadense, non lle vale esa negociación. Quere que se aclare ata as últimas consecuencias.

Continúa coa súa exposición e dí que lle pide a todos os grupos políticos que se faga unha comisión informativa ou de investigación para aclarar esta situación, xa que se pon en brete a

honorabilidade dos técnicos, da institución e dos políticos. Ve que hai moitas contradicións, a empresa non cumpriu co que tiña que cumprir, e o equipo de goberno toma a alternativa que legalmente pode, que é a resolución do contrato.

Continúa intervindo o Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, que parte do feito de que no momento no que foi a pleno a rescisión do contrato o seu grupo tívoo claro, xa que había argumentos que lles facían apoiar a proposta de rescisión do contrato. Preguntaron cales eran as alternativas á situación que hai actualmente e respondéronlle que eran as multas coercitivas, que no 99% dos casos non se cobraban. A segunda das posibilidades era pedir danos e prexuízos. Cre que, aínda que poidan criticar a adxudicación inicial, que unha empresa ofrezca unha mellora de 1.200.000€ é bastante difícil de cumprir. Pensa que, con bo criterio, se establece unha comisión de seguimento e oxalá o faga para tódalas obras que adxudica, sobre todo se son deste calibre.

Considera tamén o Sr. Valín Valdés que hai un cruce de acusacións, e coincide co portavoz da UPRI, moi duras para os técnicos e para os responsables políticos que avalan esa postura. Cre que se debería tentar indagar por parte da alcaldía neste tema. Sen perder de vista que o seu grupo apoia a rescisión do contrato, anuncia que o seu grupo se vai abster, porque hai unha serie de contradicións e acusacións moi duras. Parécelle moi oportuno o que pide o Sr. Reymóndez de investigar ata as últimas consecuencias. Cre que hai que pedir responsabilidades.

O Sr. Alcalde pide ao técnico xurídico, que participa, informa e coñece a tramitación deste expediente, que dea a súa opinión.

O Sr. Carro Asorey, Secretario Municipal, informa que, dende o punto de vista técnico, é unha fase máis do procedemento que establece o Regulamento que desenvolve a Lei de Contratos, e por tanto é o seguinte paso que hai que dar. En canto ás alegacións formuladas pola parte contraria, cre que é unha reacción moi normal da parte contratante. Cre que fai unhas alegacións con pouco fundamento, pero o punto de demostración ante o Consello Consultivo está nos antecedentes. Admite que as alegacións son duras, fortes, desagradables e comprometidas, pero non hai antecedentes previos, é dicir, se houbera alegacións previas onde isto se defendese si daría un indicativo de que isto se produciu.

Cando se inicia o procedemento de resolver o contrato e estas alegacións aparecen “ex novo” denota un deterioro subxectivo moi difícil de demostrar porque se son tan duras, antes tería que haber uns antecedentes que se deberían poñer de manifesto e non se fixo. A valoración técnica que fai a parte contraria ten un calibre tan pequeno que se atreve a dicir que o prazo de execución do contrato non é correcto.

Afirma que hai tres documentos formalizados onde o prazo de execución do contrato o fixa a empresa adxudicataria na valoración da súa oferta. Comenta que se todo vai por ese calibre, que é o único dato técnico obxectivo, cre que teñen boas cartas en canto ao Consello Consultivo, xa que non hai antecedentes e as alegacións, dende o punto de vista xurídico, non teñen moita consistencia.

En canto ao informe técnico feito pola Dirección Facultativa, nótase que as acusacións son fortes e o informe é excesivamente duro na súa contestación porque ten expresións subxectivas dende o punto de vista técnico. Cre que os técnicos manifestan o seu enfado no informe. En canto ó

procedemento, cre que se non hai ningún defecto de forma, resolverase o contrato, despois virá o procedemento de liquidación da obra, explica que se liquidará non só a favor, senón tamén en contra debido ás deficiencias na obra. Tamén se fará o procedemento de intervención da garantía de 150.000€, que os propios avalistas non presentaron reclamacións e, por último, se é oportuno, un procedemento abreviado máis corto para facer as medidas necesarias que permite a lei, para garantir o resto da obra.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, coincide co que acaba de dicir o Sr. Secretario. Manifesta, acerca dese procedemento de investigación, que sen base ningunha máis que o que alguén diga no momento que lle convén politicamente non é base suficiente. Se, efectivamente, hai algunha proba, debeuno poñer de manifesto no seu momento ou debeu ser máis preciso. Cre que o enfado de un ou de outro carece de valor nunha alegación, xa que o que contan son os feitos e dicir que hai que aclaralo é poñer o foco na parte equivocada.

Considera que é bastante perigoso, xa que non hai precedentes. Pretende que aduzan algunha proba, como testemuñas ou denuncias. Considera que ten o mesmo valor que un exabrupto ou un xuramento nunha conversa. Non cre que haxa que facer ningunha investigación. Pensa que é magnificar algo que non ten importancia. En canto ao excesivo risco xa se falou, o único que se trae a pleno é seguir o procedemento e enviálo ao Consello Consultivo que, á parte de que é obrigatorio, non deixa de ser unha garantía tamén. Mantén o seu voto favorable.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, non quere entrar en consideracións técnicas. Non sabe se había precedentes. Cre que non magnifica nada, pero cando se verten manifestacións deste calibre é grave, xa que acusar aos técnicos e ao equipo de goberno é grave. Manifesta que se vai abster neste punto, xa que el non é técnico.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, insiste en que o seu grupo apoiou a rescisión do contrato, avalada con informes técnicos, porque considera que era a única solución que quedaba. Manifesta que se hai unhas alegacións nas que se difama, o que hai que facer é abrir unha investigación e poñer a cada un no seu sitio, xa que non poden marcharse de “rositas” neste tema. Cre importante recordar que a adxudicación foi temeraria. Non quere atacar a ninguén. Considera moi grave que se acuse de comprar e acudir a provedores concretos e, se fora verdade, sería durísimo. Trátase dun problema gordo, porque incumpren un contrato. Considera que sempre quedará nas actas que o portavoz do PP é un talibán, pero como portavoz do seu grupo dáse por aludido e interésalle indagar. Manifesta que se absteñen neste tema, pero non impiden ningún procedemento.

O Sr. Alcalde comenta que cando colleron a acta de concelleiro non se licenciaron en nada, polo que se guía moitísimo polo que os técnicos da Dirección de Obra din, e cre que é unha das obras máis importantes que leva feito o concello, e dende o primeiro momento houbo un seguimento e o comportamento de todos foi intachable e os documentos e libros de obra están aí. Cre que en ningún dos momentos anteriores a UTE alegou nada, polo que causa sorpresa a mala fe da empresa cando alega que o prazo son 16 meses, cando un dos criterios foi a redución de prazo a 12 meses, polo que consta a mala fe da empresa en intentar colar algo que é de “perogrullo”. Lamenta o deixar caer que fai a UTE. Mirará se o concello debe pedirles

explicacións á marxe, paralelamente, pero dende o primeiro momento queren aplicarse da mellor maneira posible para que Ribadeo conte con esta infraestrutura. Chámalle a atención que a adxudicación fora unánime por parte de todos os grupos. Anuncia que están pendentes de que o Consello Consultivo emita un ditame, esperando que sexa favorable para que volva a pleno, como órgano responsable da contratación, para que adopte a decisión que corresponde.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, expresa o seu desexo de intervir outra vez.

O Sr. Alcalde considera que xa se deu unha rolda de dúas quendas, pero que se queren abren outra máis, xa que non quere que ninguén lle reproche que faga media hora de “speech”.

O Sr. Reymóndez Gancedo considera que está falando do mandato anterior.

O Sr. Alcalde afirma que está falando porque está pechando a intervención, xa que é o alcalde, pero que diga o que teña que dicir.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao pleno no que se aprobou por unanimidade a adxudicación da obra do pavillón, xa que viña todo servido por un servizo técnico, pero tamén se falou da mellora, por parte de varios grupos.

O Sr. Alcalde considera que se o goberno entrara á valoración íase montar. Explica que estaba ben elaborado por dous criterios técnicos, por un grupo de técnicos externos e polo equipo xurídico. Informa que quen resolvía era quen estaba destinado por capacidade, que era o pleno.

O Sr. Reymóndez Gancedo explica que nese pleno tamén se dixo que a ver se se daban feito as melloras.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Deportes, aclara que ese comentario fixérono todos, tanto goberno como oposición.

O Sr. Valín Valdés non quere que se politice. Considera que non están discutindo nada, xa que ninguén se está opoñendo no debate do único punto da orde do día, posto que hai dous grupos que votan a favor e dous que se absteñen. Aclara que simplemente están tentando defender ao concello ata as últimas consecuencias, como o fai tamén o equipo de goberno e o PSdG-PSOE, pero hai unhas acusacións e pídense responsabilidades, porque non teñen probas doutras cousas. Refírese á petición do portavoz do PSOE de crear un regulamento para as intervencións, xa que cada grupo di o que lle parece e pode ser máis ou menos acertado. Despois o alcalde, nos medios de comunicación e na páxina web do concello, pódelle dar as voltas que queira. Repite que neste caso queren intentar depurar responsabilidades de alguén que acusa aos técnicos e aos políticos do goberno e non lle da igual. Explica que hai unha empresa que acusa á dirección facultativa de comprar nun sitio determinado e supón que os membros desa dirección facultativa están enfadados e os políticos quere pensar que tamén están cabreados, como o estaría él se fora alcalde ou membro do equipo de goberno, xa que iso transcende e igual ao día seguinte aparece outro. Considera que teñen as armas todas, porque

non é verdade. Simplemente están defendendo ao concello e aos veciños de Ribadeo que, ao igual que o goberno, foron elixidos.

O Sr. Castro Reigosa considera que da intervención do alcalde despréndese que se estudará o tema. Informa que él non se da por aludido nin afectado, xa que non ten ningunha transcendencia. Entende que a empresa quere enredar e desviar a atención porque non ten outros argumentos.

O Sr. Valín Valdés considera que os medios de comunicación poden con todo e xa sabe que o goberno di que non son responsables do que poñen os medios, pero cre que se ten que poñer a cada un no seu sitio.

O Sr. Alcalde pecha as intervencións lamentando que alguén difame e a parte da proba teña que caer na parte acusada, o que lle parece moi inxusto, xa que a xestión técnica foi sempre impecable. Non sabe porque, se a empresa é tan boa e ten tantas gañas de traballar, non ten a xente traballando na obra.

O Sr. Valín Valdés pídelle que non explique, xa que eles apoian ao concello.

O Sr. Alcalde contesta que pode explicar o que lle dea a gana, porque ao igual que a oposición él tamén pode dicir o que queira.

O Sr. Valín Valdés pretende que conste en acta o ton do Sr. Alcalde na frase de “podo falar o que me dea a gana”.

O Sr. Alcalde di que pode levar os debates como lle dea a gana con regulamento ou sen él, porque quen marca as intervencións é o alcalde e considera que é absolutamente democrata. Considera que o punto está suficientemente debatido.

Visto todo o actuado, previa deliberación, a Corporación, por sete votos a favor (dos membros presentes do Grupo Municipal do BNG e do Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e cinco abstencións (catro dos membros do Grupo Municipal Popular e un do Concelleiro Sr. Reymondez Gancedo de UPRI no Grupo Mixto), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa e en consecuencia:

1º. Elevar proposta ao Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 11 h) da Lei 9/1995, de 10 de novembro do Consello Consultivo de Galicia, no senso de proceder á resolución do contrato das obras de “Reforma e Ampliación do Pavillón Polideportivo Municipal de Ribadeo” toda vez que as alegacións formuladas non desvirtúan en absoluto o manifestado no acordo adoptado e á vista de todos os antecedentes indicados se ten constatado o incumprimento do prazo contractual por parte do contratista o que conlevaría ademais a correspondente incautación da garantía e o resarcimento de danos e perdas, se os houberse e non fose suficiente a citada garantía, remitindo a tal efecto a documentación dos antecedentes contractuais (Prego de cláusulas e contrato administrativo) así como os informes da Dirección facultativa, de Secretaría e Intervención, alegacións formuladas e acordos plenarios adoptados.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2013.03.03.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. ROGOS E PREGUNTAS.

DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE O NUMERO 230/2012 DE 6 DE NOVEMBRO AO NUM. 261/202 DE 20 DE DECEMBRO DE 2012.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que pregunta polo decreto número 254/12 relativo a 629€ do proceso 191/2011. Fala tamén dunha minuta de 6.500€. Quere saber a que proceso se refire.

O Sr. Alcalde contesta que se trata do proceso dos gastos que asume o Concello de Ribadeo dos avogados que defenden ao anterior alcalde no contencioso de Antonio Gregorio polo tema de ruído. Explica que, en total, son aproximadamente 7.000€.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire ao decreto 233/12, concretamente aos números 4.619 e 4.620, de Posta en funcionamento de equipos de comunicación. Pregunta de qué se trata.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, contesta que se trata dunha actualización técnica dos emisores que ten a policía municipal en Mondigo.

O Sr. Reymóndez pregunta por qué veñen as facturas dunhas empresas e doutras non. Pon como exemplo as de Ferros Alonso, Morán etc. pero gustaríalle ver a factura do que fixeron da policía.

A Sra. Interventora explica que se fotocopian ao final do decreto as que se pediron, xa que os conceptos son vagos.

O Sr. Alcalde considera que cando é unha cousa concreta xa se entende co resumo.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao decreto sobre Asesoramento Técnico Xurídico sobre persoal e recursos humanos. Pregunta se é a RPT.

O Sr. Alcalde responde que se trata da empresa que asesora en asuntos de persoal e negociación colectiva.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, que pregunta por unhos gastos de combustible que lle parecen esaxerados. Explica que, mirando os resumos de operacións realizadas con tarxeta SOLRED, ten que dicir que nalgún vehículo o consumo é moi baixo. Quere saber se se está controlando.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, confirma que se está controlando e afirma que houbo menos consumo, pero o incremento de prezos no combustible foi substancial. Calcula que houbo uns 4.000 litros menos consumidos.

O Sr. Reymóndez Gancedo considera que se está controlando mal, xa que hai un vehículo matrícula 2342CHM que consumiu 467 litros en 589 km.

O Sr. Castro Reigosa responde que se trata da motobomba, que gasta porque consume moito máis de parado que andando.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese agora ao vehículo matrícula 9351CTY.

O Sr. Castro Reigosa explica que a motobomba, a varredora e a pa son vehículos de moi alto consumo.

O Sr. Reymóndez Gancedo afirma que el ven da empresa privada e ten vehículos e non entende que se consuman 445 litros en 461 quilómetros.

O Sr. Castro Reigosa admite que ten que tratarse de motobomba que ao estar bombeando, consumen máis parado que andando.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, concelleiro delegado de Medio Ambiente, explica que o feito de que a motobomba consuma moito en poucos quilómetros débese a que está traballando sen facer os quilómetros.

O Sr. Reymóndez Gancedo indica que lle parece esaxerado que un vehículo consuma 96 litros cada 100 quilómetros.

O Sr. Castro Reigosa afirma que ten mirado vehículos parecidos de alto consumo sen movemento.

O Sr. Reymóndez Gancedo informa que a varredora consume 87 litros, pero non lle parece moito.

O Sr. Cupeiro Rodríguez manifesta non lle preocupa excesivamente porque traballa moito. Explica que o feito de que estea no taller é que cando había que facer as cousas non se fixeron, entón agora de vello hai que facelas.

O Sr. Alcalde recorda que están na quenda de debate de decretos.

O Sr. Reymóndez Gancedo continúa manifestando que quere que se controle o consumo dos vehículos porque lle parece esaxerado.

A continuación intervéñ o Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, que se refire a un seguimento que fai a Sonda Norte, que ten 12 facturas. Fai referencia ao decreto número 4747 de Traballos informáticos para Sonda Norte e outros, de Álvaro Gómez Andrade por un importe de 2.541€.

O Sr. Alcalde informa que non está o concelleiro delegado de Xuventude.

O Sr. Valín comenta que todas as facturas van ao capítulo de gastos da OMIX, pregunta se no orzamento da OMIX vai o convenio da Deputación ou é á parte.

O Sr. Castro Reigosa informa que o gasto está xerado dentro da delegación de Mocidade e a OMIX.

O Sr. Valín Valdés refírese ao decreto número 233/12 de Apoio ao libro de fotografías "Ribadeo ao Norte" de 2.000€.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Cultura, explica que se trata da edición do libro a través dunha subvención da Deputación.

O Sr. Valín Valdés dí que non sabe como lles irá o día que desapareza a Deputación.

Refírese ao do decreto 241/12, de completar a reparación de danos ocasionados en vivendas de San Francisco número 25 e Irmáns Moreno Ulloa. Pregunta se ten algo que ver co edificio que se demoleu.

O Sr. Alcalde responde que si, que quedaron unhas deficiencias que non emendou a empresa adxudicataria das obras, requiríuselle, pero deixaron o traballo mal feito. Afirmar que o concello intentará recuperar eses cartos, pero redactouse un proxecto para cuantificar a magnitude e adxudicouse a unha empresa local.

Refírese o mesmo Concelleiro ao decreto 242/12 sobre Luz e Son do I Festival Jazz e Blues de Ribadeo. Pregunta se se trata de Sonda Norte ou se é o concello directamente.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Cultura, responde que é o concello.

O Sr. Valín Valdés pregunta a continuación polo decreto número 246/12 de Venta e Colocación de Portas de Entrada da Biblioteca Municipal, é unha factura de Jaime Felipe Arias por importe de 2.290€.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira de Cultura, comenta que a porta estaba desfeita e carcomida, polo que se puxo unha porta de metacrilato porque entraba moito aire e o consumo de calefacción aumentaba. Explica que se trata da porta principal de madeira, pero tamén se fixo unha segunda porta de acceso para evitar que entrara o frío e rebaixar os custos de enerxía. Informa que había unha liña de subvencións da Deputación para instalacións culturais, polo que optaron a elas e decidiron utilízalas. Admite que quedou moi ben.

O Sr. Valín Valdés refírese a un motor que se cede ao Grupo de Actividades Subacuáticas Illa Pancho.

O Sr. Alcalde explica que é un motor que está no concello dende fai moitos anos, sen uso e moi deteriorado. Como colaboración con esta asociación e pola capacidade que teñen para andar polo mar, en actividades subacuáticas etc. cédenllo á asociación, que foi quen o amañou, así como unha *zodiac* que tamén repararon.

O Sr. Valín Valdés pregunta en relación ao decreto número 258/12 sobre Obradoiro para Cativos sobre Arte contemporáneo (Mariñarte). Comenta que son 500 €, que se pagaron a Ánxela López Pulpeiro.

A Sra. Álvarez Lastra informa que forma parte da exposición de Mariñarte que se fixo no Forte durante o verán, e programáronse unhas actividades complementarias para os cativos, onde houbo obradoiros polas tardes e charlas.

Dentro do decreto 258/12, comenta o aloxamento de Mariana Popescu en Servizos Sociais por 484€.

A Sra. Álvarez Lastra explica que se trataba dunha persoa en situación de risco por violencia de xénero e tramitouse casa de acollida, que foi denegada por varias razóns, polo que a solución para sacala da súa casa foi pagarlle a estancia mentres se tramitaba a solución.

ROGOS E PREGUNTAS.

• ROGOS E PREGUNTAS DO PSG-PSOE.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, refírese a un rogo reiterado sobre a elaboración dun regulamento específico sobre o funcionamento dos plenos municipais. Di que se poden inspirar en modelos de varios concellos de diferentes cores políticas. Pensa que irá no beneficio de axilizar as cousas realmente importantes e non vai en detrimento dun dereito democrático. Trátase dunha economía de medios e de tempo.

O Sr. Alcalde nin o estima nin o desestima e comprométese a estudalo.

• ROGOS E PREGUNTAS DE UPRI.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, comenta que, ás veces, fanse obras de sumidoiros e levántase a vía pública, pero despois tápanse como queren. Cre que o concello debería tomar medidas, xa que na rotonda do supermercado Lidl, cando se colle para Os Garitos, furouse un metro e medio para unha tapa de sumidoiro, tapouse con terra, pero ao chover, a terra foise e aquilo “mete medo”. Quere que se controle máis á empresa para que rematen iso.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Obras, explica que a obra é de R, ten pendentes execucións por todo o concello e xa ten o requirimento recente.

O Sr. Reymóndez Gancedo sabe que o concello non ten a culpa, pero ten que requirir á empresa para que remate a obra.

O Sr. Alcalde admite que non é o único caso, xa que hai máis, incluso con orde xurídica de paralización de obras. Cre que é unha situación dura, e hai casos que non piden licenza de obra.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese a uns rogos feitos por él sobre unha marquesiña en A Devesa. Agradécelle que a puxera, en nome dos veciños de A Devesa, aínda que considera que non serve para nada, foi moi cara, pero os nenos móllanse cando chove, porque está todo aberto. O país preferían a marquesiña vella de chapa porque os nenos estaban protexidos da auga e do vento. Quere que o miren.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Obras, entende que o vento ás veces sopra dun lado e outras do outro, polo que hai que orientar a marquesiña cara a un lado ou outro.

O Sr. Alcalde informa que ese tipo de marquesiñas están homologadas e estanse poñendo en varias parroquias.

O Sr. Reymóndez Gancedo remítese a comunicar o resultado real da súa utilización. Comenta que os medios de comunicación publicaron que saíran unhas cantidades para reparar camiños. Recorda que fai dous meses estivéronse amañando pistas e camiños no concello. Fala de queixas de veciños porque se repararon deficiencias pero os camiños xa están outra vez mal en Vilaselán, en Dompíñor etc. Considera que é mellor que amañen menos pistas pero que as arranxen ben para non tirar os cartos.

- **ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.**

Intervén a Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, refírese a un camiño da Asociación de Veciños de As Anzas que xa se tratara noutro pleno. Quería saber cómo estaba o informe que se solicitou.

O Sr. Alcalde recorda que estaban á espera de ter información e adoptar unha decisión. Cando teñan máis información traerano ao pleno.

A Sra. López Braña Freije admite non saber o que custou facer nin manter a páxina web do concello. Chámalle a atención o mal funcionamento, xa que a última acta de pleno que está dispoñible é de xuño. Quere que esixan a quen lle corresponda que a manteña ao día. Solicita que se fagan públicos os contratos a terceiros que fai o concello, os contratos de obras menores e maiores, os contratos por prestación de servizos etc., para que os veciños poidan saber que os procedementos son correctos e que non hai nada escuro. Informa que as contratacións que aparecen na páxina son dúas, do ano 2010 e do 2011. Quere que se fagan chegar todos eses temas, para ver que non hai nada que ocultar.

O Sr. Alcalde recoñece que a páxina web non está actualizada e faille falta un control global. Admite que mirarán para que vaia acompañada coa realidade. Recorda que os grupos da oposición teñen cumprido acceso a toda a documentación que queiran ver.

A Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, reitera un rogo relativo a mocións do PP que seguen no caixón e non se levan a pleno ordinario. Entende que hai mocións, como o tema da accesibilidade, que leva consigo un estudo e os técnicos terán que decidir, pero é de xuño de 2011.

O Sr. Alcalde admite o rogo.

O Sr. Yáñez Dablanca, concelleiro do grupo municipal do PP, fai un rogo, por motivos persoais e egoístas, relativo á rúa Pintor Fierros, fronte a Talleres Loureiro, onde hai unha focha e máis de un meteu unha roda.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, coincide coa Sra. López Braña en que a páxina web debería estar actualizada. Denuncia o uso partidista e partidario da páxina web do concello, xa que o día 3 de xaneiro de 2013 lamentan que Ribadeo non teña obradoiro de emprego contestándolle a un grupo político. Comenta que o 4 de decembro falan de crispación nos plenos, que lamentablemente non aparece na acta. Pregunta se é normal que se utilice para iso a páxina web do concello.

O Sr. Alcalde considera que a páxina web do concello da información sobre as actividades do equipo de goberno dende unha perspectiva onde nunca apareceu ningunha nota de prensa do BNG, aínda que é o partido do goberno.

O Sr. Valín Valdés insiste en que lle responda se é esa a utilización axeitada, porque se lle podería pedir un rogo para que deixara aos grupos da oposición utilizar o gabinete de prensa polo que o concello paga 600€ ao mes. Pon como exemplo que se un señor de Alicante entra para saber algo de Ribadeo ve crispación política, cre que é unha posición partidista. Refírese ao

tema do obradoiro de emprego tan polémico, pregunta se a Xunta contestou porqué non contemplou a posibilidade de dotar a Ribadeo dun obradoiro de emprego.

O Sr. Alcalde admite que contestou dous días atrás.

O Sr. Valín Valdés pide se pode facer públicos, no pleno, os motivos polos cales non entrou a valorar a posibilidade de que Ribadeo contara cun obradoiro de emprego, que tiña un proxecto novedoso e bonito.

O Sr. Alcalde non se acorda exactamente pero considera que eran motivos interpretativos, persoais e subxectivos da asinante do escrito, que é a xefa territorial. Cre que nas contestacións non se invoca ningún artigo, e permítense dicir que non serven as certificacións sobre informes de Alcaldía, de algo que non existe en padrón, porque se certifica sobre unha masa común con uso de pastizal e consideran que non vale. Cre que o concello de Ribadeo ten experiencia sobrada de varios obradoiros de emprego que pediu xunto co concello de Castropol, aínda que a entidade que o expedía non era a Xunta, senón o Ministerio, polo tanto os que técnicamente o fan e politicamente responden poderían facelo igual de ben ou igual de mal para uns e para outros.

Refírese tamén a que non coinciden os orzamentos de ingresos cos de gastos. Explica que o orzamento de gastos vai ser moitísimo máis alto que o de ingresos porque nunca se esperou que se dera todo, senón que o concello puidera poñer, como así se certificou. Cre que as contestacións son moi subxectivas e moi persoais e están valorando qué facer con isto, xa que é bastante desagradable ver a parcialidade política na utilización dos obradoiros de emprego “para darlle aos seus”.

O Sr. Valín Valdés pregunta se o Sr. Alcalde considera que non concederon o obradoiro de emprego porque é o BNG.

O Sr. Alcalde manifesta que ten toda a pinta de ser así. Cre que quizás os deixen tamén sen servizo de GRUMIR.

O Sr. Valín Valdés aclara que non están falando do GRUMIR. Diríxese ao Sr. Gutiérrez Fernández para dicirlle que se se acepta o rogo do regulamento de intervencións vai poder marchar cando queira.

Continúa referíndos ao programa Dinamizadores 2011, comenta que se pediron dende o Concello dous proxectos, para un parque infantil e para un tema de Turismo.

O Sr. Alcalde considera que os motivos xa os sabe o concelleiro do PP antes ca él, xa que se decata un mes antes.

O Sr. Valín Valdés pregunta se non chegou algunha contestación oficial.

O Sr. Alcalde contesta que din que non cumprían os obxectivos. Recoñece que lle doeu máis que o Taller de Emprego, que era unha pantomima política e sectaria. Informa que lle puido facer un seguimento ata que as poutas políticas enchouparon o papel. Chegou ao punto de que estaba todo tan ben que había informes técnicos favorables dos dous proxectos. Despois é cando lle din que Ribadeo ten moitos habitantes, ou non chega ao mínimo ou outros criterios. Explica que fixo unha alegación para que por favor concedesen o parque, aínda que non o fixeran cos códigos QR de Turismo. Informa que lle contestaron que non.

O Sr. Valín Valdés quere que lle responda claramente se a Xunta lle informou por escrito o por qué non se lle concedeu o obradoiro de emprego a Ribadeo.

O Sr. Alcalde responde que o motivo é que non cumpría e hai que "achantar".

O Sr. Valín Valdés refírese a continuación á residencia da Terceira Idade. Pregunta se hai algunha xestión feita coa Deputación, diferente á que se conta, referente á residencia. Tamén quere saber se hai algunha outra xestión, xa que ao PP criticóuselle inxustamente de facer xestións como partido orientadas a que se deran os pasos necesarios para conseguir o obxectivo de toda a comisión pro-residencia. Informa que el non é sospeitoso de marchar da comisión para conseguir a residencia. Pregunta se hai algunha xestión máis feita por parte da Alcaldía coa Deputación ou con outras entidades para alcanzar o obxectivo final que é ter unha residencia, porque considera que é unhas das necesidades máis grandes que ten Ribadeo.

O Sr. Alcalde informa que hai xestións dende fai moito tempo e quere lembrar que o vicepresidente da Deputación estivo coa comisión e comprometeuse a que pola Deputación non había quedar o apoio, xa que estivo na manifestación. Reitera o compromiso que mostrou, que non se pode cuantificar. Despois da reunión coa conselleira, á marxe de que a comisión se deberá reunir en breve nos próximos días, está intentando facer xestións para centrar as cousas. Comparte co concelleiro do PP o interese e predisposición do equipo de goberno, e espera que da corporación, para intentar facer o mellor ou o menos malo.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levánta a mesma sendo as vinteunha horas e trinta e sete minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,